

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2003

Ás 10 horas en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno do Reitorado, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa Orde do día que figura no **ANEXO I** e cos asistentes que se relacionan no **ANEXO II**.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor dá a palabra á Secretaria Xeral para que informe dos cambios producidos na composición do Consello. A Secretaria informa de que como membros natos do Consello incorpóranse o Reitor, D. José María Barja Pérez, a Secretaria Xeral, D^a Patricia Faraldo Cabana, e o Xerente, D. Rafael Couto Lestao. Como representantes designados polo Reitor foron cesados os quince representantes elixidos polo anterior Reitor e no seu lugar nomeáronse os seguintes: D. Xosé Luis Armesto Barbeito, D. Luis Fernando Barral Losada, D^a María Dolores Candedo Gunturiz, D. Luis Caparrós Esperante, D. Rafael Colina Garea, D. Gael González Veira, D^a María Jesús Grela Barreiro, D^a Concepción Herrero López, D^a María José Martínez López, D. Xosé Lois Martínez Suárez, D. Manuel Peralbo Uzquiano, D^a María Dolores Rodríguez Amoroso, D. Miguel Ángel Simón, D^a Pilar Uriz Tomé e D. Alberto Valderruten Vidal. Como representantes designados polo Consello Social causou baixa, por no ser membro do Consello Social, segundo o disposto na Orde de 19 de novembro de 2003 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 24 de novembro) D. Alfonso Varela Vázquez. Con data do 29 de xaneiro de 2004 a Secretaria Xeral pediu ao Secretario do Consello Social que se lle comunicara a identidade do substituto. Dos representantes do Claustro, de conformidade co artigo 16 das normas de funcionamento do actual Consello de Goberno, polo sector funcionarios doutores substitúese a D. Francisco J. del Moral Hernández, que dende outubro de 2003 está en comisión de servizos fóra desta universidade, por D. Anxo Ramón Calvo Silvosa, que obtivo 66 votos nas últimas eleccións a representantes do Claustro no Consello de Goberno (escrutinio do 29 de outubro de 2002). Polo sector estudantes, ámbito humanidades, substitúese a D^a Ingrid Mosquera Gende, que finalizou os seus estudos, por Zéltia Caínzos Rodríguez, quen obtivo 2 votos nas últimas eleccións a representantes do Claustro no Consello de Goberno. Polo ámbito xurídico-social, substitúese a D. Oscar Borrego Mahía, por non estar matriculado nun centro da UDC, por D^a Inés Rey García, quen obtivo 7 votos nas últimas eleccións a representantes do Claustro no Consello de Goberno.

O Sr. Reitor retoma a palabra e informa da reunión do Consello Social da UDC que tivo lugar o 16 de xaneiro de 2004, así como da reunión do Consello Universitario Galego no que se aprobou a titulación privada de Arquitectura na Coruña co voto en contra do Reitor da UDC. Tamén informa de que o día 27 de xaneiro de 2004 tivo lugar unha reunión en Santiago de Compostela entre o Reitor da UDC e o Vicerreitor de Profesorado, dunha parte, e o Director Xeral de Universidades, o Subdirector Xeral de Universidades e o Asesor Xurídico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola outra, co obxecto de facilitar un achegamento de posicións para superar canto antes as obxeccións de legalidade que presentara a Xunta de Galicia aos novos Estatutos aprobados polo Claustro. Así mesmo informa das conversacións mantidas coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no tema do financiamento universitario. Tamén informa das delegacións de sinatura a favor dos Vicerreitores e, en particular, a favor do Vicerreitor do Campus de Ferrol, co fin de que poida asinar os proxectos de investigación presentados polo persoal do Campus.

O Sr. Reitor dá novamente a palabra á Secretaria Xeral para que informe dos cesamentos e nomeamentos en cargos de libre nomeamento producidos ata a data, e que se relacionan no **ANEXO III**.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Vicerreitor de Profesorado para que informe das prazas de profesorado convocadas polo procedemento de urxencia, que se relacionan no **ANEXO IV**, e de que, en virtude do acordo do Consello de Goberno do 23 de outubro do 2003, polo que os axudantes de universidade que rematen o seu contrato quedarán vinculados sen solución de continuidade dende a data do vencemento do

seu contrato mediante un contrato laboral de duración máxima de dous anos, se prorrogou o contrato de D. Javier Sanz de López ata o 13 de xaneiro do 2005 e faise un contrato laboral de investigador a D. Pedro Rivas Palá ata o 16 de febreiro do 2005.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea que informa da reunión que tivo en Madrid sobre o suplemento europeo do título, dos grupos de traballo nos que se integra; do estado dos procesos de autoavaliación das titulacións; e da reunión mantida cos outros Vicerreitores de Calidade das universidades galegas, co fin de elaborar un proxecto conxunto sobre avaliación da calidade docente. O Sr. Vicerreitor agradece publicamente á Unidade Técnica de Calidade o excelente traballo realizado ata agora, e aos outros servizos do seu Vicerreitorado a súa eficacia. Presenta o estado dos programas de avaliación da calidade que se relacionan no **ANEXO V**.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica que informa que co gallo do proceso de elección de novo Reitor desenvolvido nos meses de novembro e decembro de 2003, o anterior equipo de goberno considerou oportuno non proceder á elaboración do orzamento para o exercicio de 2004 e trasladar esta responsabilidade ao equipo de goberno xurdido das devanditas eleccións. O funcionamento normal da institución esixe dispor dun instrumento orzamentario que posibilite a xestión cotiá ata o momento en que se produza a aprobación dun novo orzamento capaz de recoller as prioridades fixadas polo novo equipo reitoral. Cumpriu, en consecuencia, prorrogar o orzamento de 2003 para o exercicio actual (resolución reitoral de 19 de xaneiro) e asemade convén facer explícito o compromiso deste equipo de traballar arreo para poder contar cun novo orzamento correspondente a 2004 no período de tempo máis curto posible. En relación co novo orzamento, e como adianto á súa elaboración, procede sinalar que tendo presente a situación económico-financeira herdada, imponse a necesidade dun axuste orzamentario importante para o presente exercicio. A prórroga do orzamento permite que todos os centros de gasto da UDC dispoñan de crédito adecuado para o financiamento dos gastos que deberán afrontar no cumprimento das súas competencias, para o cal desenvolverán as distintas fases do gasto de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e formularán as propostas de pagamento de conformidade co disposto nas bases de execución do orzamento e demais normativa orzamentaria complementaria. A este respecto, ponse en coñecemento do Consello de Goberno que, unha vez formalizada a prórroga do orzamento e cargados no sistema informático (Sorolla) os seus créditos iniciais, procédese actualmente (nesta semana) á desconcentración do 50% dos créditos (212.00, 220.00, 221.00, 222.00, 226.01, 229.01, 230.0 e 625.00 – Cadro Resumo) aos centros de gasto (facultades, escolas, departamentos e institutos universitarios), para que seguidamente poidan, nos próximos días, comezar a súa xestión económica ao abeiro da prórroga. Trámite semellante desenvolverase cos créditos desconcentrados a departamentos (226.01, 226.14, 625.02) e (226.99, 625.00, 649.08, 649.00, 628.00). É necesario facer constar que estas operacións de desconcentración están a se realizar, en comparación co exercicio anterior, en datas anteriores (2003 = febreiro abril // 2004 = febreiro). Destas desconcentracións serán informados cumpridamente todos os centros de gasto afectados. Así mesmo, tamén estamos a traballar nas incorporacións de créditos do orzamento de 2003 ó de 2004 e coa normalidade que impón estes trámites económico-administrativos. Este trámite quedará rematado nas vindeiras semanas. Cómpre informar a este Consello de Goberno que o pasado venres, 6 de febreiro, o pleno do Consello Económico e Social (CES) aprobou o Informe sobre o financiamento do sistema universitario galego. Neste documento, o CES considera que a futura Lei xeral do sistema universitario de Galicia debería recoller de forma explícita os compromisos cuantitativos, cualitativos e temporais asumidos pola Comunidade Autónoma en materia de financiamento universitario, en liña co que o propio informe propón, así como os principios que deben inspirar o reparto dos devanditos recursos entre as universidades galegas. O contido completo do informe está a disposición de toda a comunidade universitaria na folla web da UDC ou do CES.

O Sr. Reitor dá a palabra á Secretaria Xeral que informa da situación do PAS, sinalando que o PAS da UDC convocara paros para todo o mes de xaneiro, co que o Reitor atópase o mesmo día 9 de xaneiro, no que toma posesión, con que debe fixar servizos mínimos, polo que recibe ao colectivo e chégase a un acordo, desconvocando o PAS os paros. Así mesmo adquirimos o compromiso de iniciar conversas, nas que neste momento nos atopamos. Nas secretarías dos Vicerreitorados non había persoal, exceptuando nos Vicerreitorados de Investigación e Extensión Universitaria. No Vicerreitorado de Economía a secretaria tiña orde de incorporarse noutro posto o venres día 16 de xaneiro. Nos centros dábase unha

circunstancia similar, dado que a resolución dun concurso de traslados que tardou dous anos en resolverse provocou o movemento dun número importante de funcionarios que, por orde do Reitor en funcións D. Alfonso Barca, debían incorporarse aos novos destinos o día 16 de xaneiro. Ao mesmo tempo, con data do 29 de decembro do 2003 finaliza o procedemento de selección para o acceso de 53 funcionarios do grupo D (auxiliares administrativos), que practicamente na súa totalidade prestaban anteriormente servizos nesta universidades como persoal eventual, o que provoca que a súa toma de posesión non supoña a incorporación de persoal, senón o movemento de 50 funcionarios. Por primeira vez nos 13 anos de vida da UDC, os funcionarios de novo acceso escolleron destino nun acto público o día 23 de xaneiro, seguindo rigorosamente a orde da lista resultante do proceso selectivo proporcionada pola Comisión que o xulgou. Estes funcionarios incorporáronse todos ao día seguinte. Ao mesmo tempo negociamos tanto co Comité de Empresa como coa Xunta de Persoal os criterios de xestión das listas de agarda para contratación de funcionarios interinos e persoal laboral eventual, listas que resultan dos procesos selectivos e que elaboran as propias comisións. A lista de agarda A de auxiliares administrativos, xa dispoñible, está publicada nos taboleiros e na páxina web da UDC. A día de hoxe a UDC atópase inmersa en varios procesos de selección e concursos: auxiliares de servizos, conserxes e auxiliares de biblioteca. Sen esquecer que o colectivo PAS ten recorridas ante os tribunais e ante o Reitorado todas as convocatorias de persoal laboral convocadas polo trámite de urxencia polo Reitor en funcións D. Alfonso Barca, así como a RPT e a resolución do concurso de traslado, o que obriga a estudar todos estes asuntos e a resolvelos. O día 26 de xaneiro tomou posesión o novo Xerente, D. Rafael Couto Lestao.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 28 DE NOVIEMBRE DE 2003

Apróbase por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno do día 28 de novembro do 2003.

3. ELECCIÓN DE MEMBROS DAS COMISIÓNS DELEGADAS DO CONSELLO DE GOBERNO PARA CUBRIR AS BAIXAS PRODUCIDAS

A Secretaria Xeral informa de que, de acordo coas normas de funcionamento do actual Consello de Goberno, artigos 11 a 15 inclusive, son membros natos das diversas comisións o vicerreitor ou vicerreitores das áreas relacionadas coa comisión correspondente. En aplicación desta normativa, incorpóranse á Comisión de investigación D. Luis Fernando Barral Losada, Vicerreitor do Campus de Ferrol e relación Universidade-Empresa, e D^a Concepción Herrero López, Vicerreitora de Investigación; á Comisión de Plan de Estudos D. Manuel Peralbo Uzquiano, Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, e D^a Pilar Uriz Tomé, Vicerreitora de Organización Académica; á Comisión de Organización Académica e Profesorado, D. Xosé Luis Armesto Barbeito, Vicerreitor de Profesorado, e D^a Pilar Uriz Tomé, Vicerreitora de Organización Académica; á Comisión de Asuntos Económicos, D. Anxo Ramón Calvo Silvosa, Vicerreitor de Estratexia e Planificación económica. Nesta comisión tamén é membro nato o Xerente, polo tanto incorpórase así mesmo D. Rafael Couto Lestao; e á Comisión de Extensión Universitaria D. Luis Caparrós Esperante, Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, e D. Miguel Ángel Simón López, Vicerreitor de Estudantes.

A raíz do cesamento como membros do Consello de Goberno dalgúns dos seus compoñentes quedan as seguintes vacantes nas comisións:

Comisión de investigación

Profesores: Fernando Rey Míguez Xurídico social
Estudantes, preferentemente de terceiro ciclo : Ingrid Mosquera Gende

Comisión de plan de estudos

Profesores: Miguel Clemente Díaz Humanidades
Estudantes: Pablo Álvarez Pichel

Comisión de organización académica e profesorado

Profesores: José Luis Bouza Collado Tecnolóxico
Estudantes: Pablo Álvarez Pichel

Nesta comisión tivo lugar tamén o cesamento dun representante do PAS, D^a Carmen Osinde Pena, substituída automaticamente en aplicación do disposto no artigo 10 das normas de funcionamento do actual Consello de Goberno por D. José Antonio Rilo López, quen obtivo un voto nas eleccións a

representante do PAS na Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno celebradas o día 19 de febreiro do 2003.

Comisión de asuntos económicos

Profesores: Francisco J. del Moral Hernández Ferrol
Fernando Rey Míguez Coruña

Comisión de extensión universitaria

Profesores: Cipriano A. Dobarro Montero Ferrol
Representante do PAS: M^a Carmen Osinde Pena

Apróbase por asentimento o calendario electoral que se recolle no **ANEXO VI**.

Ata as 11.00 horas preséntanse as candidaturas individuais que se recollen no mesmo anexo.

Ás 11.15 horas faise a proclamación provisoria de candidatos recollida no mesmo Anexo.

Non se presentan reclamacións á proclamación provisoria.

Ás 12.00 horas faise a proclamación definitiva de candidatos recollida no mesmo Anexo.

Apróbase por asentimento que non é necesario votar no caso de que só se presente un candidato para un posto, e no caso de que só se presenten dous candidatos para dous postos.

De 12.15 a 13.00 horas ten lugar a votación.

Ás 13 horas a Secretaria Xeral fai o recuento e a proclamación provisoria de candidatos electos recollida no mesmo anexo.

Non se presentan reclamacións á proclamación provisoria.

Ás 13 horas do día 16 de febreiro do 2004 faise a proclamación definitiva de candidatos electos recollida no mesmo anexo.

4. APROBACIÓN DE CONVENIOS

A Secretaria Xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO VII**, sen que se solicite ningunha aclaración por parte dos membros do Consello de Goberno.

Os Convenios son **aprobados** por asentimento.

5. APROBACIÓN DE LICENZAS, PERMISOS, COMISIÓNS DE SERVIZOS E ANOS SABÁTICOS

Apróbase por asentimento as comisións de servizos de D. Eduardo Terrén Lalana e D. Francisco Gómez Abelleira, informadas favorablemente polos respectivos consellos de departamento e pola COAP (reunión do 3 de febreiro do 2004); a licenza de investigación no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento de D^a María Dolores Villaverde Solar, informada favorablemente pola COAP na mesma reunión; e o ano sabático solicitado por D. José Antonio Fernández de Rota, informado favorablemente pola COAP na mesma reunión, condicionada a que presente a renuncia como director de departamento antes do inicio do disfrute do ano sabático.

6. CALENDARIO ACADÉMICO

Por solicitude da Vicerreitora de Organización Académica retírase da orde do día o calendario de estudos de doutorado.

Apróbase por asentimento o calendario académico 2004/2005 coas modificacións suxeridas polos membros do Consello. O calendario aprobado recóllese no **ANEXO VIII**.

7. APROBACIÓN DA CONVOCATORIA SÓCRATES 2003/2004

Apróbase por asentimento a convocatoria Sócrates 2003/2004 que se recolle como **ANEXO IX**.

8. APROBACIÓN DA OFERTA DA MATERIA “DEREITO COMUNITARIO DO MAR” (40 horas) COMO MATERIA OPTATIVA POSITIVA OU VOLUNTARIA DENTRO DA ACCIÓN JEAN MONNET

Apróbase por asentimento a oferta da materia “Dereito comunitario do mar” (40 horas) como materia optativa positiva ou voluntaria dentro da acción Jean Monnet, nas Facultades de Dereito e Socioloxía, así como nas Escolas Técnica Superior de Náutica e Máquinas (titulacións: Diplomatura en Máquinas Navais e Diplomatura en Navegación Marítima; Licenciatura en Máquinas Navais e Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo), Politécnica Superior (titulación: Enxeñería Naval e Oceánica) e Universitaria Politécnica (Enxeñería Técnica Naval).

9. RECLASIFICACIÓN E CREACIÓN DE PRAZAS DE P.A.S.

A Secretaria Xeral informa de que por Resolución reitoral do 7 de xaneiro do 2002 (DOG do 11 de xaneiro do 2002) convocouse concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos. Nas bases da convocatoria establécese que a solicitude de participación é irrenunciable. O concurso de méritos resólvese por Resolución reitoral do 15 de decembro do 2003 (DOG do 13 de xaneiro do 2004). Sete funcionarios que ocupaban xefaturas de grupo obtiveron postos de auxiliares administrativos. Non podendo renunciar á participación no concurso, unha vez gañadas as prazas baixaron de categoría. Outras prazas de auxiliares administrativos foron reclasificadas en xefaturas de grupo na RPT do 2003. Entre outras moitas prazas, esas novas xefaturas de grupo ofertáronse ás 53 persoas que obtiveron praza no concurso-oposición de auxiliares administrativos que se resolveu por Resolución reitoral do 29 de decembro de 2003. Non era correcto que ás persoas que entraban na función pública se lles ofreceran postos de categoría superior que ás persoas que levaban aquí máis tempo traballando, polo que, cumprindo un acordo do anterior equipo de goberno coa xunta de persoal, ao facer a oferta de prazas aos 53 novos funcionarios se lles advertiu expresamente e por escrito que as prazas F041, F106, F157, F207, F345, F493 (esta quedou vacante), serían sometidas a reclasificación no próximo Consello de Goberno a posto base de auxiliar administrativo nivel 15, quedando sen efectos económicos ou administrativos a anterior clasificación dende a data do Consello. Ao mesmo tempo, os funcionarios que no concurso de méritos perderon as xefaturas as recuperan, con efectos económicos e administrativos dende a data de resolución do devandito concurso. Proponse a creación dunha praza de secretario de vicerreitor para o Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental.

Apróbase reclasificar a relación de prazas que se recolle no **ANEXO X**, por trinta votos a favor, un en contra e catorce abstencións, e crear a praza de secretario do Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental.

10. ROGOS E PREGUNTAS

Trátanse temas relativos á seguridade nos Campus, a mobilidade do PAS, as Aulas NET e as infraestruturas, entre outros.

Non habendo máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 13.50 horas.